

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DO MAR

*ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se modifica a Orde do 14 de novembro de 1995 pola que se regula o programa de actuacións para o control de biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.*

O Regulamento (CE) nº 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización dos controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, establece no seu anexo II, capítulo II, os controis oficiais relativos a moluscos bivalvos vivos procedentes de zonas de produción clasificadas.

O Regulamento (CE) 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, establece no seu anexo III, sección VII, capítulo V as normas sanitarias que deben cumprir os moluscos bivalvos vivos que se poñan no mercado para consumo humano, entre as cales se inclúen as cantidades límite de diversas biotoxinas mariñas.

O Decreto 28/2005, do 28 de xaneiro, polo que se regula o control de biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura establece que o control para a detección e cuantificación das biotoxinas mariñas será exercido pola Consellería do Medio Rural e do Mar e pola Consellería de Sanidade.

De acordo co establecido no artigo 8 do antedito decreto, é competencia da Consellería do Mar establecer o límite e as características das zonas de produción para os efectos do control de presenza de plancto produtor de toxinas e de biotoxinas nos moluscos bivalvos vivos, da toma de mostras nas ditas zonas e do establecemento nelas dun plan de mostraxe en función das previsións da evolución dos episodios tóxicos.

A Orde do 14 de novembro de 1995, que regula o programa de actuacións para o control de biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, define o sistema de control e as condicións para a autorización ou prohibición da extracción e posta no mercado destes organismos, foi modificada pola Orde do 24 de xaneiro de 2013 co obxecto de adaptala á actual rede de mostraxe de control de biotoxinas establecida ao longo de toda a costa galega.



Os resultados dos controis realizados nas zonas de produción, así como a información resultante en cada unha delas da evolución dos episodios de biotoxinas e da afección aos bancos de moluscos bentónicos infaunais, fan preciso delimitar e establecer novas zonas e puntos de control nas rías de Corcubión e de Vigo.

En virtude do exposto anteriormente,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 14 de novembro de 1995 pola que se regula o programa de actuacións para o control de biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo y a acuicultura*

A Orde do 14 de novembro de 1995, pola que se regula o programa de actuacións para o control de biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, queda modificada como segue:

Un. O anexo III (zonas de bancos de moluscos bentónicos infaunais) no que se refire á ría de Corcubión queda redactado do seguinte xeito:

Defínense dúas zonas:

Zona I: augas costeiras comprendidas entre a punta Nemiña (N) e a punta Insua (S), excepto a zona II.

Punto de control: Cee.

Zona II: enseada de Fisterra delimitada pola liña imaxinaria que une cabo Fisterra (O) co faro do cabo de Cee (L).

Punto de control: Langosteira.

O punto de control da zona I aplicarase, en ausencia de biotoxinas, para ambas as dúas zonas.



Dous. O anexo III (zonas de bancos de moluscos bentónicos infaunais) no que se refire á zona II da ría de Vigo queda redactado do seguinte xeito:

Zona II.1: parte externa da zona II, que comprende a porción da ría delimitada entre a liña imaxinaria que une a punta Borneira (N) co cabo Estai (S) e a liña imaxinaria que une a punta Rodeira (O) coa torre da ermida da Guía (E).

Puntos de control: Rodeira e Canido.

Zona II.2: parte interna da zona II que comprende a porción da ría delimitada entre a liña imaxinaria que une punta Rodeira (O) coa torre da ermida da Guía (E), e a liña imaxinaria que une punta Castelo (N) coa punta de Rande (S).

Puntos de control: Moaña.

Os puntos de control da zona II.1 aplicaranse, en ausencia de biotoxinas, para ambas as dúas zonas.

Tres. O anexo III (zonas de bancos de moluscos bentónicos infaunais), no que se refire aos mapas das rías de Corcubión e Vigo, queda tal e como se indica nos mapas que se xuntan a esta orde.


Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*


Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2015

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo  
Conselleira do Mar







CVE-DOG: aukagu85-usp1-8vh0-vtu3-wxdrmv7y2p3

